



[Sinatura do Presidente]

Folha N.º

1

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2016

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o doce de decembro do ano dous mil dezaseis, ás catorce horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Jorge Pumar Tesouro, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Plácido Álvarez Dobaño, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.ª Villarino Pardo, don Pablo Pérez Pérez e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora accidental, dona M.ª Begofa Álvarez Matos, técnica de fiscalización da xestión orzamentaria e contable, en substitución da titular, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR. ORDINARIA. DO DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2016.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día dous de decembro de dous mil dezaseis, a Xunta de Goberno da Deputación acordou, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Ó ABEIRO DA ORDE HAP/1610/2016 POLA QUE SE APROBA A SEGUNDA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E INTEGRADO (BOE NÚM. 243, DO 07.10.2016) E APROBACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E INTEGRADO DA PROVINCIA DE OURENSE (OURENSE CONECTA).- Unha vez vista a Orde HAP/1610/2016, do 6 de outubro, pola que se aproba a segunda convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, publicada no BOE núm. 243, de data 7 de outubro de 2016.

L NUMERADO
IPORACIONES
LOCAIS



Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2016

Visto que a citada orde se remite, en canto á súa regulación, ás bases reguladoras contidas na Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 sen prexuízo do que en particular se establece nela.

Visto que por esta Presidencia se considera sumamente beneficioso para a Deputación Provincial, e, por extensión, para as entidades locais da provincia, a planificación dunha Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (Ourense Conecta), que aposta polo concepto de "conexión" e teña como principal obxectivo crear e reforzar vínculos entre a capital e os municipios que a rodean co fin de articular un espazo metropolitano máis dinámico e mellor articulado que impulse o crecemento social e económico do conxunto da provincia, tratando de abordar os problemas urbanos da área metropolitana relacionados, fundamentalmente, coa ausencia dunha verdadeira malla urbana que permita unha comunicación fluída tanto no interior da cidade como entre esta e o seu entorno.

Vista a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que a continuación se detalla, elaborada por esta administración, nos termos esixidos na convocatoria mencionada:

- ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E INTEGRADO (OURENSE CONECTA).

Considerando as competencias que me veñen atribuídas polo artigo 34.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), artigo 105 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA) e 61 do Real decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Solicitarlle ó Ministerio de Facenda e AAPP o cofinanciamento mediante subvención da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (Ourense Conecta); todo isto ó abeiro do previsto na Orde HAP/1610/2016, do 6 de outubro, pola que se aproba a segunda convocatoria para a selección de Estratexias de





Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2016

Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, e de acordo co seguinte cadro:

ESTRATEGIA	SUBVENCIÓN MINISTERIO	ACHEGA PROVINCIAL	IMPORTE TOTAL
Conecta Ourense	15.000.000,00 €	3.750.000,00 €	18.750.000,00 €

SEGUNDO: Aproba-la ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E INTEGRADO (OURENSE CONECTA).

TERCEIRO: Remitir, en tempo e forma, toda a documentación esixida pola referida Orde HAP/1610/2016, do 6 de outubro.

3.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron

4.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás catorce horas e quince minutos, do referenciado día doce de decembro do ano dous mil dezaseis, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,**O VICESECRETARIO,**